

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. De conformidade co artigo 13 do Estatuto de Autonomía para Galicia, o control da constitucionalidade das leis do Parlamento de Galicia corresponde a:**

- A) O Consello Consultivo de Galicia.
- B) O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- C) O Tribunal Constitucional.
- D) O Tribunal Supremo.

**2. De conformidade co artigo 40 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os postos de xefatura de servizo ou unidade de atención primaria de persoal licenciado sanitario, que non requiran dedicación exclusiva ás funcións de xefatura, serán provistos:**

- A) Polo sistema de libre designación.
- B) A través de concurso de traslados.
- C) Polo procedemento de avaliación colexiada.
- D) Por concurso de méritos.

**3. Constitúe un principio reitor do Sistema Público de Saúde de Galicia, de conformidade co artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo:**

- A) A información sobre as formas de vida saudables, os recursos e os servizos existentes.
- B) A universalidade do dereito aos servizos e prestacións de cobertura pública.
- C) A acreditación e avaliación continua dos servizos sanitarios prestados na Comunidade Autónoma.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**4. De conformidade co seu artigo 2, a Constitución Española fundaméntase:**

- A) No pobo español que a refrendou.
- B) Na indisoluble unidade da nación española.
- C) No poder soberano das Cortes Xerais.
- D) No Estado democrático.

**5. Segundo o artigo 8 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, que órgano técnico da Administración Xeral do Estado ten como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo así como a promoción e apoio á mellora das mesmas:**

- A) Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- B) Comité Central de Seguridade e Saúde Laboral.
- C) Organización Nacional de Prevención de Riscos Laborais.
- D) Comisión Nacional de Seguridade e Saúde Laboral.

**6. De conformidade co artigo 18 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, constitúe un dereito colectivo do persoal estatutario:**

- A) O dereito á percepción puntual das retribucións e indemnizacións por razón do servizo.
- B) O dereito á mobilidade voluntaria, promoción interna e desenvolvemento profesional.
- C) O dereito ao encadramento no Réxime Xeral da Seguridade Social, cos dereitos e obrigas que diso se derivan.
- D) O dereito á libre sindicación.

**7. Segundo o artigo 2.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, as Comunidades Autónomas poderán ditar normas de desenvolvemento e complementarias desta lei:**

- A) No exercicio das competencias que lles atribúen os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- B) No exercicio das competencias que lles atribúen as correspondentes leis autonómicas de saúde.
- C) Non poderán ditar ningunha norma de desenvolvemento da Lei Xeral de Sanidade.
- D) As respostas A) e B) son correctas.

**8. A Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes é de aplicación:**

- A) Á asistencia sanitaria que se preste en Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos, exclusivamente.
- B) Á asistencia sanitaria que se preste en Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos e privados concertados co Servizo Galego de Saúde, exclusivamente.
- C) Á asistencia sanitaria que se preste en Galicia nos centros e establecementos sanitarios privados concertados co Servizo Galego de Saúde, exclusivamente.
- D) A todo tipo de asistencia sanitaria que se preste en Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados, concertados ou non co Servizo Galego de Saúde.

**9. Segundo o artigo 67 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, a situación de excedencia voluntaria do persoal estatutario declararase:**

- A) De oficio, en todo caso.
- B) A solicitude do interesado, en todos os supostos.
- C) De oficio ou a solicitude do interesado, segundo os supostos.
- D) O persoal estatutario non pode pasar á situación de excedencia voluntaria.

**10. Indique cal dos seguintes dereitos recoñecidos no Título I da Constitución Española, NON ten a condición de dereito fundamental:**

- A) O dereito á protección da saúde.
- B) O dereito á integridade física.
- C) O dereito á intimidade persoal.
- D) O dereito de asociación.

**1. De conformidade co artigo 23 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, indique a afirmación correcta en relación ao sistema selectivo de concurso-oposición:**

- A) A puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder do cincuenta por cento da puntuación máxima acadable na fase de oposición.
- B) A puntuación obtida na fase de concurso non poderá ser aplicada para superar a fase de oposición.
- C) A puntuación obtida na fase de concurso poderá ser aplicada para superar a fase de oposición.
- D) As respostas A) e B) son correctas.

**2. De conformidade coa Constitución Española de 1978:**

- A) Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de opinión.
- B) Ningunha confesión relixiosa terá carácter estatal.
- C) Permítense as asociacións de carácter paramilitar.
- D) As respostas A) e B) son correctas.